



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I01FD	
Código de verificación 	Expediente 108/2022/2220	
405K 0Q1B 1H09 585U 10A6	Data 05-02-2025	

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 4 de febreiro de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de oficial de parque móbil, da escala de administración especial, subescala de servizos especiais (subgrupo C2), derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, do 16/12/2022, do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (BOP núm. 241 do 22/12/2022), nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sen que as persoas interesadas presentasen alegacións durante o prazo concedido ao efecto e habendo xustificado os requisitos esixidos na convocatoria, segundo o establecido na base 4 punto 4.2.17 das bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego público. A devandita listaxe terá carácter supletorio da listaxe de agarda de persoal funcionario interino derivada de procesos selectivos convocados dentro da quenda libre ordinaria.

En consecuencia a lista definitiva de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de oficial de parque móbil (subgrupo C2), está formada pola seguinte relación de persoas:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exerc.	Notas 2º exerc.	Puntuación concurso	TOTAL
1	LOPEZ GARCIA, MIGUEL	***0804**	15,50	35,50	8,37	59,37
2	PRIETO FERNANDEZ, SANTIAGO	***9794**	10,00	35,00	5,29	50,29
3	CAMINO LEON, ANDRES MIGUEL	***7293**	14,17	36,00		50,17
4	LIÑARES NION, JESUS DAVID	***1929**	11,42	30,25	4,00	45,67
5	ORGEIRA NOGUEIRA, ANDRES MIGUEL	***9219**	11,17	34,00		45,17
6	GARCIA MILAN, JUAN JOSE	***0452**	13,00	32,00		45,00

Terceiro.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña



Concello da Coruña

Cuarto.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada